

INFILTRADO NO KKKLAN

[Spike Lee, 2018]

458

ESTREA EN NUMAX: 09.11.2018 | V.O.S.E. | +12

BlacKkKlansman (2018, 128')

Dirección: Spike Lee

Guión: Spike Lee, Kevin Willmott, David Rabinowitz, Charlie Wachtel (Libro: Ron Stallworth)

Elenco: John David Washington, Adam Driver, Topher Grace, Laura Harrier, Ryan Eggold, Corey Hawkins, Robert John Burke, Paul Walter Hauser, Craig muMs Grant, Michael J. Burg, Chris Banks

Son: Drew Kunin

Montaxe: Barry Alexander Brown

Música: Terence Blanchard

Dirección de arte: Marci Mudd

Vestuario: Marci Rodgers

Fotografía: Chayse Irvin

Produtoras: Blumhouse Productions, Monkeypaw Productions, QC Entertainmentm Perfect World Pictures (EEUU)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Gran Premio do Xurado),
Locarno 2018 (Premio do Público),
Gotham 2018 (Nomeado a mellor actor
—Adam Driver—)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Plan oculto, 2006
Una última noche, 20002
Bamboozled, 2000
Una mala jugada, 1998
Clockers (Camellos), 1995
Malcolm X, 1992
Fiebre savaje, 1991
Haz lo que debas, 1989

SINOPSE

A principios dos setenta, unha época de grande axitación social coa loita polos dereitos civís como pano de fondo, Ron Stallworth convértese no primeiro detective negro do departamento de policía de Colorado Springs. Tras ser recibido con escepticismo e hostilidade polos mandos e os axentes, Ron decide seguir adiante e facer algo pola súa comunidade levando a cabo unha misión moi perigosa: infiltrarse no Ku Klux Klan e expoñelo ante a cidade

«Spike Lee recupera o ritmo, as maneiras, o ácido e o *flow* de antano»

Luis Martínez, EL MUNDO



“Entendo que os países poñan límite aos filmes de Hollywood para preservar a súa cultura”

Entrevista con Spike Lee
Por Kaleem Aftab

Como soubeches da historia de Ron Stallworth, o axente afroamericano protagonista de *Infiltrado no KKKlan*?

Até que Jordan Peele [produtor do filme e director de *Déixame Saír* (2016)] me chamou, non sabía da existencia de Ron Stallworth nin do seu libro *Infiltrado en el KKKlan*. Todo isto foi posíbel grazas ao éxito de *Déixame saír*, Peele e os seus produtores puideron mercar os dereitos do libro e contrataron dous guionistas para desenvolver o guión. Eu dixen: «De acordo, vouna dirixir mais cómpre que Kevin Willmott [coguionista de *Chi-Raq* (Spike Lee, 2015)] e máis eu o reescribamos».

Canto do que se ve na pantalla é certo e canto foi construído para o filme? Non che poden dar unha porcentaxe, mais está baseada nunha historia real.

Cóñeciches a Ron e falaches con el da súa experiencia? Encontreime con el varias veces. A primeira vez achegouse a Brooklyn para a lectura de guión e foinos de moita axuda, particularmente para John David Washington, que o interpreta

no filme. John interesouse por todos os detalles da vida de Ron para afinar ao máximo a súa interpretación.

O filme arranca con Alec Baldwin encarnado un suprematista que dá un mitin, namentres as imaxes de *El nacimiento de una nación* (D.W. Griffith, 1914) e *Lo que el viento se llevó* (Victor Fleming, George Cukor, Sam Wood, 1939) son proxectadas de fondo. Que significado ten esta escena? Kevin e máis eu consideramos que a fita debera encetar cun panfleto suprematista que podería ter sido proxectado a finais dos 50 para espallar o odio. Ademais, Alec Baldwin estábame a pedir constantemente que o metese nun filme. Gravamos as escenas de Alec en catro horas namentres se proxectaba integramente o filme de Griffith. Teño unha relación estraña con *El nacimiento de una nación* porque nola proxectaban nos meus primeiros cursos da escola de cinema. Aprendimos todos os grandes avances que Griffith achegou ao cinema, mais os profesores esquecían sempre afondar na lectura sociopolítica do seu cinema. Nunca nos contaron como o propio filme serviu para revitalizar o Klan e que como resultado do visionado houbo xente linchada. Existiu unha correlación directa.

Dito isto, quero aclarar que non son desa xente que considera que determinadas obras de arte deberan ser eliminadas. Nunca pensei que *Huckleberry Finn* non debera ensinárselle nas escolas porque se empregue a palabra *nigger*, e nunca dixen que *El nacimiento de una nación* non deba ser proxectada, pero

si creo que non visionado non deberan pasarse por alto os elementos políticos. O meu primeiro filme na escola de cinema foi *The Answer* (1980). Vai dun guionista afroamericano contratado por un estudio para reescribir e dirixir un remake de alto orzamento do filme de Griffith. É curioso que moitos anos máis tarde regrese ao punto de partida da miña obra.

No filme hai un *speech* atribuído a Kwame Ture no que se fala dos estereotipos asentados polos filmes de Tarzán. É unha referencia real? Esas foron as súas palabras e é un discurso moi importante no filme. Compilamos varios dos seus textos e puxémolos xuntos. A xente afroamericana foi ensinada para odiar África por filmes como os de Tarzán, nos que son retratados como bestas salvaxes. Sempre pensei que unha das razóns do enorme poder que os Estados Unidos teñen no mundo é a cultura. Ningunha bomba atómica fai que a xente en todo o mundo poña a gorra cara a atrás ou leve os pantalóns caídos ensinando a roupa interior [risas]. Iso é cultura.

Así é como os Estados Unidos dominan o mundo. Coca-Cola, Nike, Apple, hip-hop, rock'n'roll, blues, cando espallas algo que muda a maneira en que a xente pensa, fala, baila, iso é poder. Bombardear países non ten o mesmo efecto. A miña teoría é que os EEUU dominaron o mundo exportando a súa cultura, e no máis alto desta lista atópase o cinema. Entendo por que algúns países poñen límite aos filmes de Hollywood, porque queren preservar a súa propia cultura.

Publicado en Sight & Sound, setembro 2018

NA LIBRARÍA NUMAX

Infiltrado en el KKKlan, Ron Stallworth
Capitan Swing, 2018

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

Abónate agora e ven sempre por